



MARIBEL LONGUEIRA

Fernando Pérez-Barreiro Nolla naceu en Ferrol en 1931 e faleceu na súa casa de Lancaster o 3 de xaneiro de 2010. Intelectual comprometido con Galicia e coa súa lingua, a súa versión de Macbeth significou, no ano 1972, a primeira tradución de Shakespeare ao

galego. Xunto con Teresa Barro, a súa dona, recibiu o premio nacional de tradución de libros infantís e xuvenís, pola súa versión de "As aventuras de Alicia no país das marabillas". Traballou na BBC e en organismos internacionais como a Organización Mundial do Café,

participou na creación do Grupo de Traballo Galego en Londres e o seu labor como tradutor foi recoñecido con premios como o Pedrón de Honra, o Plácido Castro ou a Medalla Castelao. Académico correspondente da RAG, era colaborador habitual deste xornal).

Carta a Fernando Pérez Barreiro-Nolla

ENFIANDO

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL



Querido Fernando: Pasou un ano sen ti, agora ben, iso de que viviras en Inglaterra, primeiro en Londres e ultimamente en Lancaster, lévame con frecuencia a engano, non só a min, tamén a outros amigos cos que compartía e comparto o cariño por ti. O engano é que, ao non estar afeitos a te ver todos os días, seguimos pensando que estás alí e que, en calquera momento, mandarás un correo ou farás unha chamada anunciando que vides, ti e Teresa, a pasar uns días, ben por un congreso, para recoller un premio ou pola simple razón de vos reencontrar co voso país e cos moitos amigos que aquí tedes.

Na casa, a esta sensación da que che falo, contribúe o feito de que Maribel volve a ver con frecuencia, no seu arquivo fotográfico, os retratos que vos fixo, a ti e a

REFERENCIAS

"Dicíame nun dos últimos correos que andabas a voltas cos labirintos de William Blake"

Teresa, e as fotos nas que estamos os dous, ti e máis eu, paseando pola canle en Londres, na badía de Morecambe ou en Compostela. Tamén que, no arquivo do meu correo electrónico, segue aberta unha referencia co teu nome e, de cando en vez, releo as túas mensaxes, sobre todo as que me enviaches nas últimas semanas do ano 2009 e, en particular, aquela na que me dicías que os teus amigos Julián Tembrás e Paul Manserg pasaran por Lancaster a estar contigo e despois marcharon cada un polo seu camiño. Non sei, penso agora que había no teu xeito de contar algo semellante a unha intuición, canto máis leo a mensaxe máis me decato de que había alí un ton semellante a unha despedida, algo que, daquela, non

LITERATURA

"The great modern poets segue sendo compañía constante que me permite afondar na poesía inglesa"



M. LONGUEIRA

HOMENAXE

"Xulio Ríos decidiu xuntar aos teus amigos o vindeiro venres en Baiona. Alí estaremos con Teresa..."

souben apreciar. Dicíame nun dos últimos correos que andabas a voltas cos labirintos de William Blake, que moita ledicia e moita inqueda che daban ao mesmo tempo, confesando que falaras diso con Paul, quen non compartía ese gusto teu polo poeta escuro, que para el era vicio. Coidabas ti que lle tiña medo e recoñecías que non era para menos. Con Paul tentei iniciar correspondencia semellante á que mantiña contigo, falando sobre todo de poesía, pero xa sabes que non é constante e que gusta de se ausentar. Andará polos lagos de Cumbria, paseando por aquelas paraxes tan súas e que tamén ti chegaches a amar. Sabe-rás que o libro que me agasallaras, "The great modern poets", segue sendo compañía constante que

me permite afondar na poesía inglesa da que ti tanto gustabas e, ao tempo, facer prácticas con esa lingua que se me resiste.

Nicolás e Jose, os amigos do Diario de Ferrol, continúan traballando co entusiasmo que ti apreciabas, aínda que botan moito de menos as túas colaboracións. Non esquezo o compromiso que adquirín contigo de escribir unha serie de artigos sobre a natureza, ao xeito do teu admirado Edward Thomas, falarei con eles por ver se teñen cabida no xornal.

Xulio Ríos, que anda por aquí, decidiu xuntar aos teus amigos o vindeiro venres en Baiona. Alí estaremos con Teresa, no IGADI e arredor de ti. Falei estes días con Manuel Bragado, quen me asegurou que Edicións Xerais editará as túas memorias para a primavera. Sei da alegría que producirían en ti estas novas, por iso chas conto. Nevou estes días moito en Inglaterra, supoño que dende o número 3 de Quernmore Road veranse ao lonxe as montañas nevadas. Pola noite escribireiche un correo electrónico, dando conta destas e doutras cousas. Agora recibe esta aperta entrañable.